

O Casino

BOLETÍN INFORMATIVO DA ASOCIACIÓN CULTURAL SAN MARTIÑO DE COUSO

Limiar

Chegamos ó 3º número de *O Casino* coa presentación da programación para o último trimestre do ano 2004.

Seguimos a reclamar a vosa participación no boletín con calquera tema relacionado con Couso e a súa cultura. Calquera aportación será ben recibida.

Tal e como explicamos na contraportada aínda temos dúas actividades pendentes de realizar do trimestre anterior: a exposición de escultura, que retrasouse ata o 16-17 de outubro por mor doutros compromisos adquiridos polas esculturas; e a sesión de astronomía, que require duns ceos despexados e sen lúa.

Neste trimestre, e aproveitando o tempo de outono, propoñemos un recorrido á busca e recoñecemento de cogumelos. Tamén recuperamos unha proposta de anteriores asembleas para facer diferentes manualidades como punto de cruz ou arte floral. Así mesmo está prevista unha charla sobre as novidades na normativa de circulación.

Así mesmo, plantexamos un ciclo de cine con películas que aborden temas que despois nos permitan debatir sobre eles. Finalmente, e co ánimo de ir facendo unha serie de actividades que van quedando atrás por unhas cousas ou por outras queremos que os venres, a partir das 22'00 horas, a xente poida pasar pola cultural e colaborar na realización destas actividades. Como sempre esto queda supeditado á vosa participación.

Discurso na homenaxe ós maiores de Couso

Resúltanos moi complicado expresar con palabras todo o que pasa polas nosas cabezas cando falamos dos nosos tan queridos maiores,... de vós.

Todos e cada un dos que hoxe estades aquí, xogades nas nosas vidas un papel protagonista, unhas vidas marcadas pola vosa experiencia, polos vosos consellos e sobre todo, por todo aquilo que día a día nos pretendedes ensinar.

Sen eses avós que nos reprendan, sen esas broncas que tan boa falta nos fan nós non seríamos quenos somos hoxe: quizáis mellores, quizáis peores pero non os mesmos.

Temos pais, e damos gracias pero temos uns avós que nos fixeron grandes e hoxe pensamos en vós, queremos demostravos ó grande que sodes importantes, queremos homenaxear toda unha vida de loita e de sacrificios por e para nós,...

Cando os sentimentos saen do corazón sobran as palabras porque, máis alá do rencor, das bágoas e máis da dor Deus ofreceunos o privilexio de amar, e hoxe queremos volo dicir nunha soa palabra. Simple e sinxelamente GRACIAS.

Belén Groba Represas

Neste exemplar:

- 1 Limiar • Discurso na homenaxe ós maiores
- 2 Programación trimestral
- 4 Actividades realizadas

PROGRAMACIÓN CULTURAL

**Domi ngo, 24 de outubro
ou 31 de outubro**

Recorrido micolóxico



Recorrido en busca de cogumelos polos montes de Couso, co asesoramento dun experto.

Charla sobre a nova normativa de seguridade vial



Charla sobre as novidades incorporadas recentemente ó código de circulación

**Sábado, 20 de novembro,
ás 20' 00 horas**

**Domi ngo, 7 de novembro,
ás 10' 00**
**Domi ngo, 19 de decembro,
ás 10' 00**

**(pódense facer máis
saídas se houbera xente
interesada)**

Sendeirismo



Saídas de sendeirismo para coñece-lo noso entorno:
Sendeiro das Greas, Muíños de Atios, Histórico de Mos e outros.

Obradoiro para rematar o árbol xenealóxico das familias de Couso

Obradoiro para realizar un mapa dos lugares de interés de Couso

Obradoiro para poñer en funcionamento a Biblioteca

**Tódol os venres, a partir
das 22' 00 h**

**Un día despexado da
mitade de outubro**

Astronomía



Actividade para observar o ceo e recoñecer as principais constelacións, planetas e estrelas do ceo

de inverno.

4º TRIMESTRE 2004

**Punto de cruz/manualidades/Arte
Floral**

Continuación das actividades de manualidades xa realizadas.

Vaise expoñer unha lista para apuntarse e despois póranse de acordo nas datas entre os asistentes e a persoa que imparta os cursos.

16 e 17 de outubro

Exposición de Escultura

Exposición de escultura de persoas con experiencia no traballo da pedra e outros materiais escultóricos.

Festa de San Martiño

Celebración do tradicional magosto e Festa de San Martiño.

13 de novembro

No Nadal

Festival de Nadal

Celebración do Festival de Nadal, con actuacións diversas.

Cine Clube

Proxección de películas sobre diferentes
temáticas, a partir das que se poida despois
debatir sobre cuestións xerais

30 de outubro
27 de novembro
1 de xaneiro

Actividades realizadas

Domingo, 11 de xullo: Excursión en bus a Santiago de Compostela. 34 persoas visitaron a Casa de Rosalía de Castro, a Fundación Cela, a colexiata de Iria Flavia, o mercado do Espolón, en Padrón e a Catedral de Santiago de Compostela. A comida tivo lugar en Santiaguíño do Monte, tamén en Padrón.

Domingo, 25 de xullo, 10'00 h: excursión por a Fontecova, baixada a Guláns, visita da Casa do Escribano, Igrexa e petos de ánimas de Arrabal e Padrón, continuando por Mallaferro onde empezamos a subida ata o alto do Padrón (vértice xeodésico). Despois chegamos a San Cibrán e baixada ata Couso. Fixémolo 8 persoas, nun día de moita calor (uns 15 km).

Debates Couso 2025, venres, 6 de agosto, ás 22'30 horas: Presentación e elección dos temas a debater. Asistencia dunhas 8 persoas. Acordouse abordar o debate de tres grandes temas que inciden directamente sobre o desenvolvemento de Couso: Comunicacions e Servicios (venres 13 de agosto, non viu ninguén); Conservación do patrimonio natural e cultural (venres, 20 de agosto, asistiron unhas 10 persoas); e Planificación sobre cómo queremos que sexa Couso (prevista para o venres, 27 de agosto, non chegou a convocarse ante a escasa asistencia de socios; estudiarase a súa convocatoria en outras datas máis propicias).

Exposición das fotografías realizadas na I Maratón Fotográfica da Asociación, 7 e 8 de agosto: Exposición de máis de 90 fotografías froito desta maratón, con ampliación das mellores fotografías de cada categoría. Todos elas sobre Couso e o seu entorno.

Sábado, 4 de setembro, ás 23'00h: Tradicional excursión nocturna camiñando ata A Franqueira. 8 persoas que saíron ás 23'00 horas e chegaron alá polas 6'30 horas.

Domingo, 19 de setembro, a partir das 17'30 h: I Homenaxe ós nosos maiores. Gran afluencia de público. Discurso preparado, leído e sentido por Belén en agradecemento ós nosos maiores. Despois representación da obra de teatro "Os vellos non deben de namorarse", representada polo noso grupo de teatro con gran éxito de crítica e público. Excelente a actuación destes actores que deixaron parte do seu tempo libre nos ensaios e preparación da obra e do escenario. O acto continuou coa entrega dun diploma de recordo a tódolos maiores cunha mención especial para a Sra. Anunciación, que con 90 anos é a persoa máis maior de Couso. Rematamos cunha merenda entre risas e anécdotas sucedidas durante o acto.

Astronomía: O inestable tempo do mes de agosto non permitiu desenvolver a xornada de Astronomía que estaba prevista, xa que para sacarlle partido necesitamos un ceo despexado e unha lúa nova ou por debaixo do horizonte. De tódolos xeitos seguimos en contacto coa Asociación Astronómica Rias Baixas para realizar esta xornada aínda que a confirmación vai ter que ser con moi pouco tempo de antelación debido a estes factores mencionados.

Escultura: Debido a compromisos das artistas a exposición de escultura trasládase para o 16 e 17 de outubro. Confirmarase mediante carteis oportunamente.

PARTICIPADE:

Para facerse socios só hai que poñerse en contacto con algún membro da Directiva da Asoc. Cultural.

Podedes achegar tódalas vosas colaboracións e deixalas no buzón da Casa Cultural ou darllas a calquera membro de

Directiva